



PRACTICAS EXTRACURRICULARES PARA GRAOS / FACULTADE DE FILOLOXÍA / 2018-2019 /

CONVOCATORIA

Convócase UNHA PRAZA de prácticas extracurriculares de grao no Servizo de Normalización

Lingüística do CONCELLO DE BETANZOS (A Coruña) (Ref. PEG/ 6/1819)

DESTINATARIOS	Estudantes de 3.º e 4.º cursos de Grao en Galego e Portugués que teñan superado o 50 por cento dos créditos da titulación no momento das prácticas.
DESCRIPCION DO TRABALLO	Traballo lingüístico dentro da equipa do Servizo de normalización lingüística do concello de Betanzos.
DEDICACIÓN	115 horas
DURACIÓN DAS PRÁCTICAS	O horario, que o candidato que resulte elixido debe acordar coa institución, abrangue desde o 18 de xullo até o 9 de agosto de 2019.
LUGAR DAS PRACTICAS	As prácticas serán presenciais, agás que os titores sinalen horas non presenciais ao efecto. O enderezo das prácticas é: Servizo de Normalización Lingüística Concello de Betanzos Oficinas Xerais Praza de Galicia n.º 1 15300 Betanzos , A Coruña Tel.: 981 770 011 ext. 2224 normalizacion@betanzos.net
RECOÑECEMENTO	As 115 horas poderán ter un recoñecemento de 4,5 créditos optativos no seu expediente académico, se o alumno/a o solicitar. Ao finalizaren, a entidade expedirá un documento acreditativo.
REQUISITOS XERAIS	<ul style="list-style-type: none"> · Ter superado o 50 por cento dos créditos, incluída a formación básica. · Estar matriculado na titulación en 3.º ou 4.º curso. · Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (http://www.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Portal/es/ciudadanos/tramites-gestion-personales/certificado-delitos)
COÑECEMENTOS ESPECÍFICOS	Alto coñecemento falado e escrito da lingua galega e coñecemento do castelán.
SELECCIÓN	Establecerase unha comisión de selección integrada pola decana da facultade ou persoa en que delegar, e os titores académicos da UDC.
CRITERIOS DE SELECCIÓN	Os criterios de selección serán: expediente académico do/a solicitante, coñecementos específicos para o posto, coñecementos informáticos, coñecementos de linguas, outros méritos aportados e xustificados.
PRESENTACION DE SOLICITUDES	As solicitudes presentaranse no Rexistro da Facultade de Filoloxía en escrito dirixido á decana, segundo o modelo que se pode obter na páxina web da facultade. Nel figurarán os méritos alegados, xunto as fotocopias da documentación que os avalar. Se for preciso, a comisión requirirá a presentación da documentación orixinal.
PRAZO	Até as 14.00 horas do día 15 de xullo de 2019

A Coruña, 9 de xullo de 2019

María Jesús Lorenzo Modia
Decana

Código Seguro De Verificación	K3yBag1OCPSXIVUbHFKPPQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Jesús Lorenzo Modia - Decano/a Facultade de Filoloxía	Asinado	09/07/2019 13:22:33
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K3yBag1OCPSXIVUbHFKPPQ==		

